

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

RP 2016/4524 de 25/02/2016 pola que se aproba a convocatoria das bolsas de investigación para o ano 2016

Convocatoria de bolsas de investigación 2016

1.-Liñas xerais.

1.1.-Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de 20 bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, destinadas a persoas con titulación universitaria que pretendan facer un traballo de investigación no período 2016-2017, cunha duración mínima de nove meses, distribuídas nas seguintes áreas:

Área de ciencias sociais e xurídicas:	3 bolsas
Área de ciencias:	4 bolsas
Área de ciencias da saúde:	4 bolsas
Área de enxeñería e arquitectura:	2 bolsas
Área de artes e humanidades:	3 bolsas
Área de estudos de xénero:	2 bolsas
Área de planificación sociolingüística da lingua galega:	2 bolsas

A dotación das bolsas é de 160.000 € (8.000 € cada unha), e a súa aplicación orzamentaria corresponde á partida 0612/3262/481 na que existe crédito adecuado e suficiente.

1.2.-Tramitación.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, as bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, na páxina web da Deputación da Coruña: www.dacoruna.gal

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e pago; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.

A resolución das persoas admitidas e excluídas e as de concesión provisional e definitiva das bolsas, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, notificarase mediante publicación no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

2.-Solicitantes.

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar un traballo de investigación e reúnan todos os requisitos que de seguido se relacionan:

2.1.-Posuír titulación universitaria (licenciado, diplomado, grado o equivalente) recoñecida oficialmente.

2.2.-Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado ou volante de empadramento cunha antigüidade mínima dun ano antes da data da publicación no BOP da convocatoria. A data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación desta convocatoria no BOP.

2.3.–Non ser titular, no momento no que se produza a adxudicación da bolsa e durante a duración desta, de ningunha outra bolsa de investigación para o mesmo período, aínda que a investigación sexa diferente.

2.4.–As persoas titulares de bolsa en anteriores convocatorias, non están excluídas de participar nesta, sempre que cumpran todos os requisitos.

2.5.–Cada participante poderá presentar unha única solicitude.

Obrigas dos solicitantes:

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que solicita a bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente poderase, de forma xustificada, modificarse o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A persoa que solicite a bolsa.
- A persoa que a represente perante a Deputación (se é distinta da que solicita a bolsa).

3.–Documentación.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, na plataforma SUBTEL a través da páxina web da Deputación da Coruña: www.dacoruna.gal

Achegarase tamén a seguinte documentación que terá que vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola persoa que presente a solicitude da bolsa.

3.1.–Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa.

3.2.–Area das bolsas á que opta, con indicación do proxecto de investigación que vai realizar e o centro no que será levado a cabo. Non se poderá optar a mais dunha área por solicitude.

3.3.–No caso de que o traballo esté avaliado por un profesor/a universitario/a ou por unha persoa de recoñecido prestixio no campo no que se vai desenvolver a investigación, unha certificación que acredite o dito aval.

3.4.–Certificación académica completa na que figure expresamente:

A) A nota media simple do expediente académico en base 10 de conformidade co disposto no R.D 1125/2003 e no protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos, vixente no momento de publicación desta convocatoria.

No caso de titulacións de universidades non pertencentes ao Sistema Universitario Galego (SUG), a media simple do expediente académico será determinada polos servizos da Secretaría Xeral de Universidades segundo o establecido no dito protocolo de colaboración do SUG.

B) A data de finalización dos estudos.

As persoas solicitantes que cursen os estudos no estranxeiro e posúan a certificación académica en idioma distinto do castelán ou do galego, achegarán a tradución oficial e, ademais do disposto nos apartados A) e B), indicarán as cualificacións máximas e mínimas dentro do sistema de avaliación correspondente, e cal é a cualificación mínima para superar a materia.

3.5.–Currículo da persoa solicitante xunto coa documentación que considere representativa da súa formación. Se o traballo se vai realizar coa colaboración dun equipo indicarse os estudos e actividades profesionais das persoas integrantes.

3.6.–Certificado ou volante de empadramento con data actualizada e con expresión da antigüidade mínima que se establece no apartado 2.2 desta convocatoria.

3.7.–Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin.

3.8.–Autorización á Deputación para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social con anterioridade aos pagos.

4.–Lugar, prazo de presentación da solicitude e desistimento.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL na páxina web da Deputación da Coruña: www.dacoruna.gal

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

Inicio do prazo de presentación de solicitudes	00.00 horas do día seguinte ao de publicación no BOP
Fin do prazo de presentación de solicitudes	14.00 horas do día 8 de abril de 2016

A Deputación publicará na súa páxina web e no taboleiro de anuncios, a relación das persoas solicitantes admitidas e excluídas polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web.

No prazo de 10 días dende a publicación das persoas solicitantes admitidas e excluídas poderán as persoas interesadas formular as reclamacións para emendar erros. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que desiste da súa petición nos termos do artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Tamén será causa de desistimento da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

5.-Tribunais.

Constituirase un tribunal para cada área das bolsas e a celebración das sesións será conxunta.

A composición dos tribunais publicarase na páxina web da Deputación e no taboleiro de anuncios, con anterioridade á súa reunión, co fin de que se poidan interpor, no seu caso, os recursos legais pertinentes.

Cada tribunal estará presidido pola deputada presidenta da Comisión de Cultura e Normalización Linguística, e tres representantes das universidades da provincia, sendo secretario o da Deputación ou a persoa na que delegue, e requirira para a súa válida constitución a maioría simple dos seus membros.

Cada un dos tribunais valorará as solicitudes que lle correspondan en función da área sinalada na solicitude polos/as solicitantes; non obstante na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro dos/as solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

Cada tribunal formulará a súa proposta de concesión, que será motivada segundo as bases da convocatoria e as súas deliberacións serán secretas.

6.-Avaliación das solicitudes e resolución da convocatoria.

O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o Presidente da Deputación.

6.1.—A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

- * O interese da investigación e a súa aplicación práctica para o desenvolvemento da provincia: 4 puntos.
- * O rigor na formulación do proxecto de investigación, así como as persoas que o avalan e o equipo científico que o apoia: 3 puntos.
- * O currículo da persoa solicitante: 3 puntos que se distribúen do seguinte modo:
 - Expediente académico: 2,5 puntos.
 - Outros méritos: 0,5 puntos.

A valoración do expediente académico farase en función da nota media simple, segundo o establecido no protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

6.2.—Os tribunais poderán declarar desertas as bolsas en calquera das áreas que son obxecto da convocatoria cando a calidade das propostas presentadas non acade os criterios mínimos para a súa concesión, despois de ter feita a súa ponderación. As bolsas desertas poderanse asignar a outra área.

6.3.—Cada tribunal poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade de acordo coa puntuación obtida. Estas persoas accederán ás bolsas, únicamente, no caso de existir algunha renuncia, ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria.

6.4.—A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina web www.dacoruna.gal e no taboleiro de anuncios, e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, polo que a presentación leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que será notificada ás persoas interesadas na forma prevista na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presen-

tar alegacións. No caso de non formular desistimento expreso ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente e a resolución provisional elevarase a definitiva.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do/a bolseiro/a proposto fronte á Deputación mentres ésta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

6.5.—Contra a resolución definitiva poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante do presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 6.4 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

6.6.—No prazo de dez días dende a data da concesión definitiva, cada titular das bolsas deberá:

a) Aceptar de xeito telemático a bolsa, e declarar que non están incurso en causa de incompatibilidade.

b) Achegar o impreso de certificación de datos bancarios segundo o modelo oficial da Deputación Provincial asinado de conformidade co disposto no apartado 3.

Se transcorre o prazo sinalado sen que fose aceptada a bolsa, deixarase sen efecto a adxudicación a persoa que incumpra e poderase adxudicar ao suplente que corresponda.

7.—Realización do proxecto e obrigas dos/as bolseiros/as.

Coa finalidade de acreditar a realización do proxecto, os/as titulares das bolsas terán que cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores e ademais presentar un informe parcial e unha memoria final da investigación realizada.

7.1.—Informe parcial.

Presentaranse na plataforma telemática SUBTEL no prazo de seis meses dende á data de publicación da concesión definitiva, salvo no caso dos suplentes que se contará dende a notificación da súa concesión.

O informe, que estará asinado polo/a bolseiro/a, reflectirá de forma clara os pasos seguidos ate o momento da presentación e o estado no que se atopa a investigación cun criterio rigoroso e fundamentado.

7.2.—Memoria final.

Presentaranse na plataforma telemática SUBTEL no prazo dun ano dende a data de publicación da concesión definitiva salvo no caso dos/as suplentes que se contará dende a notificación da súa concesión.

Consistirá no propio traballo resultante da investigación debendo constar a consecución do obxectivo fixado no proxecto; esta memoria estará asinada polo/a bolseiro/a, coa conformidade da persoa directora do traballo.

O tribunal valorará a idoneidade das memorias finais

Os prazos de presentación poderán ser prorrogados despois de solicitude razoada, e sempre que se presente cunha antelación mínima dun mes respecto á data de presentación.

A presentación fóra de prazo do informe parcial ou da memoria final sen que medie solicitude razoada de prórroga que sexa admitida favorablemente pola Deputación, levará aparellada a imposición duna sanción de conformidade coa lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e poderá dar lugar á devolución do importe cobrado ata o momento no que se produza o incumprimento, ao que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

7.3.—Cooperar coa Deputación provincial nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión.

7.4.—Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

7.5.—Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia.

8.—Pagamento.

As bolsas aboaranse en dous prazos:

* 75% (6.000 €) despois da aceptación da bolsa nos termos establecidos no apartado 6.6 da convocatoria e da presentación da seguinte documentación:

– Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros, para os efectos de domiciliación dos importes que lle serán aboados pola Deputación da Coruña.

Este modelo atópase no enderezo: <http://www.dacoruna.gal/deputación/impresos/xerais>

* 25% (2.000 €) despois da presentación da memoria final da investigación realizada nos termos establecidos no apartado 7.2 da convocatoria.

Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias destas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias. Neste sentido, o/a bolseiro/a deberá autorizar para que a Deputación poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pago da bolsa.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria á conta indicada polo/a bolseiro/a.

9.-Incumprimentos e sancións.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que o/a bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito de cobro da bolsa outorgada, e ao procedemento de reintegro do primeiro prazo percibido, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá ao/a bolseiro/a da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da bolsa, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da bolsa, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da bolsa, co límite de 900 €.

A sanción será descontada do importe da achega provincial a percibir.

10.-Propiedade dos traballos.

A propiedade dos traballos será dos/as titulares das bolsas, e a Deputación poderá reservarse durante doce meses os dereitos de editalos.

En calquera edición posterior farase constar que foi obxecto de bolsa por este organismo.

Tamén se fará constar a publicidade do financiamento provincial naqueles casos nos que o traballo obxecto da investigación sexa presentado a congresos, cursos, seminarios ou similares tanto durante a súa elaboración como con posterioridade ao seu remate.

11.-Compatibilidade.

As presentes bolsas son incompatibles con calquera outras que poidan concederse para o mesmo obxecto e período (aínda que a investigación sexa diferente) por parte de calquera entidade ou persoa pública ou privada.

A obtención simultánea doutra axuda será causa de reintegro da bolsa adxudicada

DISPOSICIÓN FINAL

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e as bases de execución do orzamento xeral da Deputación do ano 2016.

As persoas participantes nesta convocatoria aceptan en todos os seus termos as presentes bases e a resolución correspondente, sen prexuízo da presentación dos recursos pertinentes.

A Coruña, 25 de febreiro de 2016.

O presidente

O secretario

Valentín González Formoso

José Luis Almu Supervía